

Elección da sonda /

SEGUNDO CALIBRE A LONXITUDE

Adultos: calibre 12, 14 o 16 Fr. Lonxitude mínima 90 NSG

Nenos: adecuar calibre e lonxitude ao peso:

< 5 Kg: 5 Fr

15 a 20 Kg: 6-7Fr

Maiores: 8 Fr ou máis

Lonxitude mínima: 50-70 cm.

O calibre das sondas mídese en French; en lactantes pequenos úsanse as de 5-6 Fr e os nenos maiores de 8 Fr. Con estes calibres as molestias son mínimas. Unicamente se poden introducir alimentos líquidos. Débense elixir moi finas para que o neno estea o máis cómodo posible.¹²

CON OU SEN FIADOR; CON OU SEN LASTRE¹²

Existen sondas sen guía e con guía para facilitar a súa inserción, sondas non lastradas e sondas lastradas, cun lastre inerte de tungsteno, deseñadas para facilitar o paso transpilórico e diminuír o risco de broncoaspiración. No extremo superior teñen unha conexión en Y para facilitar o lavado e a administración dos fármacos.

SEGUNDO TIPO DE MATERIAL^{14,17}

Para administrar unha dieta enteral deben utilizarse as sondas fabricadas especialmente para este uso, que presentan un calibre, flexibilidade e resistencia axeitados para garantir o máximo confort ao paciente e evitar complicacións indesexables. Os materiais máis frecuentemente empregados na fabricación de sondas son o PVC (cloruro de polivinilo) e o poliuretano ou silicona.

SILICONA E POLIURETANO: actualmente son as que máis se usan xa que son de longa duración, adoitan ser máis finas e elásticas e teñen un diámetro interno maior, a igual calibre externo. Son brandas e non se endurecen unha vez colocadas. O calibre nestes casos é menor, entre 8 e 12 Fr.

As sondas de poliuretano non son atacadas, nin alteradas pola acidez gástrica e poden permanecer colocadas períodos de tempo máis longos.

O uso de sondas de diámetro fino aumenta o risco de inserción errónea desta e de que non sexa detectado este erro (*nivel IV*). Isto acontece porque os efectos indesexados

que causa no paciente son menores dado o calibre.

CLORURO DE POLIVINILO: son grosas, algo máis ríxidas e axeitadas para a descompresión gástrica. Os calibres que se deben utilizar nestes casos son 16 e 18 French. Teñen tendencia a poñerse ríxidas co tempo, baixo a acción dos xugos dixestivos. Por iso, é necesario substituílas cada 7-10 días.